

ANEXO II

ACLARACIÓNS SOBRE O SERVIZO DE TPV PRESTADO POR ABANCA

1. ABANCA ofrece a contratación dun TPV virtual para o centro.
2. Non é necesario que o centro teña conta en ABANCA, pero é obrigatorio que o centro exista na base de datos de clientes de ABANCA. De non ser así, non poderemos cursar a alta do terminal ata que se curse a alta da relación.
3. O centro debe firmar un contrato de TPV cun anexo de condicións específicas nas que se regula o funcionamento da colaboración, entre outras cousas, que o TPV só se pode utilizar para labores docentes.
4. As características específicas do **TPV VIRTUAL** son as seguintes:
 - Neste modelo están dispoñibles os contornos de proba e de real.
 - No caso de que se utilice o contorno de real, non existen tarxetas de proba, polo que pódese utilizar calquera tipo de tarxeta financeira de calquera entidade para realizar as operacións. Isto aporta a vantaxe de que se pode probar o funcionamento de calquera medio de pagamento que exista no mercado.
 - Todas as operacións que se realicen deben anularse posteriormente para que non existan movementos contables asociados ao terminal.
 - Non existe risco de fraude, porque os cartos utilizados para as operacións só son accesibles por ABANCA, e non se poden facer devolucions de operacións para as que non exista unha venda previa.
 - No caso de que se utilice o contorno de proba, na documentación facilítanse tarxetas de proba para utilizar no sistema. Neste contorno, as operacións non teñen ningunha repercusión contable.
 - A integración do TPV VIRTUAL dentro da tenda virtual debe realizala o centro, non é un servizo incluído no convenio. Desde ABANCA prestarase o servizo de asesoramento para a resolución das dúbidas que poidan aparecer neste desenvolvemento, e referencias a ferramentas que existan no mercado e das que se teña coñecemento.